



MANIFESTO 10 DE MARZO , DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA **¡Mellorar o Emprego, Máis Igualdade, Fortalecer o Benestar!**

O 10 de Marzo conmemoramos o Día da Clase Obreira Galega. Lembramos aqueles feitos de 1972 en Ferrol que provocaron a convulsión dun sistema ditatorial. Esa lembranza é a que nos move a mantérmonos firmes nos nosos valores, e máis aínda neste 2025 no que se cumprirán 50 anos da morte de Franco.

Daquela, o compromiso das CC OO coa loita polas liberdades e a democracia adquiriu forma de conflito na Bazán de Ferrol. O dereito á negociación colectiva era unha aspiración dos traballadores e traballadoras consubstancial á conquista de dereitos laborais e sociais que implicaba liquidar o modelo de relacións laborais do réxime franquista. Compañeiros e compañeiras deste sindicato puxeron a súa vida ao servizo dese obxectivo.

A responsabilidade e o compromiso que caracterizan as Comisións Obreiras fanxe hoxe máis necesarios ca nunca. O espello da situación en Galicia son os orzamentos aprobados para o ano 2025: pouco ambicioso, continuísta e de marcada carga ideolóxica, pois seguen apostando pola redución de impostos (751 millóns para 2025) en vez de por unha política fiscal autonómica progresiva e redistributiva. O resultado é que a previsión de crecemento para 2025 estará tres décimas por baixo da prevista para España. Por outra banda o dialogo social parece entrar nunha “fase terminal”, que o Goberno da Xunta de Galicia estraga como fai coa sanidade, ensino público ou o idioma galego. Esta falta de dialogo cos interlocutores sociais e carecer de políticas eficaces que actúen sobre o mercado laboral, normalizan a situación de que seis de cada dez persoas desempregadas seguen pertencendo á poboación feminina.





Mais a Clase Obreira Galega tamén mira de esguello os acontecementos internacionais que sucédense a un ritmo febril; coa guerra de Ucraína e a belixerancia comercial e económica que marca a nova administración Trump en EEUU. O principal risco ante estas situacións inédita é a inacción. A UE debe acordar respostas en defensa das clases traballadoras e populares dos nosos países, e os sindicatos deben ser un axente activo na esixencia ás institucións comunitarias neste terreo. É necesario impulsar relacións comerciais con outras áreas do mundo, en salvagarda dos nosos sector industrial, agrario e de servizos,

Por iso as CCOO seguiremos traballando, tanto no plano sociopolítico como no laboral, para que as incertezas muden en certezas e seguridades; para que, nesta época de profundos cambios, sigamos afondando na igualdade, na xustiza social e no avance do país, e todo isto sen deixar a ninguén atrás. Sendo conscientes de que hai debates incómodos que non debemos refutar e posturas políticas coas que non debemos transixir.

O compromiso de CCOO é crear espazos de entendemento á hora de buscar solucións conxuntas. Neste sentido, Comisións Obreiras xa ten dado sobradas mostras da responsabilidade e do compromiso que nos caracterizan no esforzo compartido que supón chegar a acordos.

Compromiso e responsabilidade como o dos compañeiros de Bazán no 72 en Ferrol.

VIVA A CLASE OBREIRA GALEGA!! VIVA O DEZ DE MARZO!!
VIVAN AS COMISIÓNS OBREIRAS!! DANIEL E AMADOR, NA MEMORIA!!

